

Año 7

Número 63

Septiembre 2012

MATHESIS

Boletín de divulgación matemática

Depósito Legal: C-2693-06

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesoteropebayocoruna/>



Con traballo conséguese todo o que se quere.

María Wonemberger Planells.




Existen moitos procedementos da vida cotiá para os que non temos conciencia da súa extraordinaria utilidade por facer uso deles a diario. ¿Tes reparado en que, polo xeral, todas as rúas teñen **nome** e que ademais están **numeradas**? ¿Podes imaxinar cántas cuestións da nosa actividade diaria teñen unha sinxela solución debido a esas circunstancias? ¿Cómo se numeran as rúas en España? ¿Utilízase o mesmo método de numeración en todos os países?

¿Porque non intentas facer unha clasificación dos nomes das rúas da Coruña? ¿Cantas rúas coruñesas podes identificar polo seu nome? Pero recorda: detrás de cada nome hai unha historia. ¿Cales son as informacións que se agochan debaixo do nome da rúa na que vives?



María Wonemberger Planells



Juan Jacobo Durán Loriga

Vai facer un ano que escoitei a unha persoa adulta, allea ao instituto, dicirlle á compañeira coa que estaba mirando unha exposición que tiñamos montada no **IES Ramón Otero Pedrayo**: «¡Anda, mira!, Durán Loriga es un matemático, yo siempre pensé que era una calle».

Departamento de Matemáticas do IES Ramón Otero Pedrayo. A Coruña.

Neste número de *Mathesis* non imos falar de rúas rotuladas con nomes de flores, nin das que se refiren a cidades, vilas, pobos, lugares, feitos, literatos, sentimentos... centrarémonos nunha presa de rúas que teñen que ver con **científicos galegos** e ademais presentan outra particularidade: en todas elas colocouse unha placa que nos recorda a parcela científica á que dedicou a súa vida cada unha das persoas ás que se honra utilizando o seu nome para designar esa rúa.

María Josefa Wonenburger Planells (Montrove, 19 de xullo de 1927) **matemática** –alxebrista de categoría internacional– aínda non ten rúa na Coruña, a pesar de que o pleno municipal aprobou dedicarlle unha o 2 novembro de 2010. Foi distinguida, iso si, cun doutoramento honoris causa pola Universidade da Coruña o día 20 de setembro de 2010.

A falta de rúa por agora, o nome de María está presente, dende o 1 xuño de 2011, nun monólito que se atopa chantado no **Paseo das Ciencias** (¿sabes situar o *Paseo das Ciencias* sobre un mapa da Coruña?). O monólito dedicado a **María Wonenburger**, foi o segundo que se colocou nese paseo para honrar a unha persoa sobresaínte no eido científico galego, ¿a que outro home de ciencia recorda o primeiro?

Para iniciar unha investigación sobre a vida e a obra de **María Wonenburger Planells** podes consultar o documento “*Matemáticas: feminino/plural*” da sección “*As nosas Publicacións*” do departamento de matemáticas, dentro da páxina web do instituto: <http://www.edu.xunta.es/centros/iesoteropedrayocoruna/>.



A instalación de placas para promover e recordar aos científicos galegos é unha iniciativa asumida por varias institucións: *Concello da Coruña*, *Asociación de Amigos de la Casa de las Ciencias*, *Museos Científicos Coruñeses* e *Altair* (Grupo Dalkia).

Juan Jacobo Durán Loriga (17 de xuño de 1854 – 3 de decembro de 1911) é un **matemático** coruñés do que temos falado a miúdo. Recorda que, no primeiro trimestre do curso pasado, celebramos o *centenario do seu pasamento* no *IES Ramón Otero Pedrayo*. Lembra tamén que podes atopar ampla información sobre a súa vida e a súa obra na páxina web do centro utilizando a ligazón “**Club matemático Durán Loriga**” dentro do departamento de matemáticas.

Existen outros dous científicos que dan nome a rúas da Coruña aos que xa temos citado nas **nosas publicacións** (consulta a nosa web) por estaren dalgún xeito relacionados coas **matemáticas**; referímonos a **Benito Jerónimo Feijoo Montenegro** e a **Ramón María Aller Ulloa**.

No número 27 de *DousPiErre* mencionamos a **Benito Jerónimo Feijoo Montenegro** (Casdemiro, Pereiro de Aguiar (Ourense) 8 de outubro de 1676 – Oviedo, 26 de setembro de 1764). Realizou unha obra enciclopédica e está considerado como o iniciador do ensaio en lingua castelá. Como apunta **Ricardo Mathesis. Número 63. Páxina 2.**


Moreno Castillo no seu libro *Pensamento Matemático en Galicia*: “os seus intereses abarcaban a medicina, a historia, a xeografía, a **matemática**, a metafísica e a natureza”.



A **Ramón María Aller Ulloa** (Lalín, 3 de febreiro de 1878 – 28 de marzo de 1966), **matemático e astrónomo**, témonos referido nos números 25 e 26 de *DousPiErre* e no número 27 de *Mathesis*. Foi un dos primeiros profesores de matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela e o *Observatorio Astronómico desa Universidade* leva o seu nome, pois el foi o primeiro encargado da *Cátedra de astronomía* creada en 1944.

Nas rúas que levan os nomes destoutros seis científicos que citamos a continuación, tamén poderás atopar placas que recordan uns poucos datos da súa vida e da súa obra. Propoñémosche que busques esas placas e que anotes o que se di en cada unha. Suxerímosche ademais que fagas pequenas investigacións sobre cada un dos personaxes.

José Andrés Cornode Saavedra.
Historiador e naturalista.



Domingo Fontán Rodríguez.
Matemático e xeógrafo.



Ramón de la Sagra Peris.
Botánico e economista.



Víctor López Seoane.
Economista.



José Rodríguez Martínez.
Médico.



Roberto Nóvoa Santos.
Médico.



Formulámosche algunhas preguntas, pero poderíanse facer moitas outras: ¿Quen traballou dezasete anos na creación da *Carta Xeométrica de Galicia*? ¿Quen foi director do *Xardín Botánico de La Habana*? ¿Quen escribiu un importante *Manual de Patología General*? ¿Quen foi o fundador da *Casa de Cirurxía "Higia"*? ¿Quen chegou a ter unha das máis completas e numerosa colección de réptiles de Europa? Non esquezas, ademais, establecer relación entre os puntos sinalados no esbozo e as rúas citadas nas placas.



E para rematar, mostrámosche media ducia de fotos tiradas en rúas da cidade para comprobar se es quen de resolver as seguintes cuestións: Dúas das fotos pertencen á mesma rúa, ¿cales son esas fotos? ¿que dous edificios singulares aparecen nelas? ¿cal é o nome da rúa á que facemos referencia? Hai outras tres imaxes que non se atopan en rúas con nomes de científicos, pero foron feitas desde algunha delas, ¿de que fotos falamos? ¿que edificios poden verse nelas? ¿Que nome ten a rúa da foto número 6?

